

VII Congreso Galego de Ornitología

CONCLUSIÓNS

-As campiñas atlánticas do sudoeste de Europa son ecosistemas de especial interese ornitolóxico pola abundancia e riqueza de especies que acollen, tanto en período reproductor como durante a invernada.

-Na actualidade o estado de conservación de moitas especies de aves ligadas aos medios agrarios é desfavorable e, en boa medida, dependente dos cambios recentes nos usos do territorio, consistentes sobre todo nun proceso de intensificación tanto a escala de campo coma de paisaxe.

-Para algunhas especies ameazadas (sisón, alcaraván) certas prácticas asociadas coa intensificación agrícola poden comprometer seriamente a súa supervivencia no territorio galego.

-Estes cambios poderían, en boa medida, ser revertidos cunha aplicación correcta da condicionalidade e as medidas agroambientais da PAC (Política Agraria Común).

-Urxe desenvolver estas ferramentas e avaliar a súa efectividade.

-Tanto a detección destes efectos negativos coma a avaliación do éxito das medidas requiren seguimentos rigorosos e continuados no tempo. A participación dos ornitólogos é imprescindible.

-Ademais das iniciativas a todos os niveis administrativos e das procedentes de entidades privadas en xeral, os proxectos de custodia do territorio poden ser outro mecanismo que contribúa á conservación das prácticas agrogandeiras extensivas que son beneficiosas para as aves.

-A colaboración estreita entre conservacionistas, agricultores e administración é esencial para o mantemento dos sistemas agrogandeiros de alto valor natural.

-Os principais problemas detectados en Galicia son o abandono e reforestación dos sistemas agrogandeiros marxinais, así coma a intensificación dos máis produtivos.

